

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

ORDE do 22 de decembro de 2025 pola que se regulan as bases para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas de indemnización económica, dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento SI460A).

En decembro de 2017, apróbase o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, ratificado polos distintos grupos parlamentarios, Goberno, comunidades autónomas, cidades de Ceuta e Melilla e as entidades locais representadas na Federación Española de Municipios e Provincias.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, conscientes de que o Pacto de Estado non pode ter como horizonte temporal o mes de setembro de 2022, senón que debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron un acordo de renovación onde novamente se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

Con base en todo o anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garante a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que derivan do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia. Posteriormente, o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027) establece como un dos obxectivos a procura do mantemento e mellora da rede de recursos, servizos e prestacións destinados á protección, asistencia, apoio, recuperación e reparación das vítimas de violencia contra as mulleres.



O 26 de febreiro de 2025 o pleno do Congreso dos Deputados aprobou a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. O acordo amplía as medidas de 290 a 461, e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a violencia económica e a dixital.

As medidas recollidas abordan a loita contra a violencia machista desde distintos ámbitos: sensibilización, resposta institucional, asistencia e protección das vítimas.

O eixe 4 recolle de maneira específica medidas para «a asistencia e protección de menores». A protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparellada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas á súa asistencia e protección, cos obxectivos de perfeccionar os sistemas de valoración do risco da violencia de xénero para adaptarse ás vítimas menores de idade, de actualizar anualmente as pensións de orfandade como consecuencia da violencia de xénero, de fomentar as actuacións de reforzo no ámbito educativo e de impulsar a especialización dos puntos de encontro familiar para os casos relacionados coa violencia de xénero, así como o apoio e asistencia a fillos e fillas de mulleres vítimas da violencia pola especial necesidade de celo protector, con especial atención aos e as menores de idade.

As medidas relativas ao compromiso económico vinculado ao desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero establecían que o financiamento debía alcanzar o horizonte temporal necesario para materializar o conxunto de medidas acordadas nel e desde a súa aprobación incluían un primeiro escenario, que abarcaba os primeiros cinco exercicios orzamentarios desde a aprobación do Pacto, isto é, desde 2018 a 2022. Con todo, prevíase que este horizonte temporal puidese actualizarse e redefinirse dentro da propia Comisión de Seguimento do Pacto constituída no Congreso dos Deputados. A renovación do ano 2025 recolle na súa medida 436 alcanzar o horizonte temporal do Pacto co compromiso económico necesario para materializar o conxunto de medidas acordadas. Este horizonte temporal será inicialmente de cinco exercicios orzamentarios.

Son as comunidades autónomas as que asumen as competencias da asistencia social ás mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas e están, polo tanto, chamadas a xogar un papel clave na prevención, atención e reparación do dano.

Así o exposto, de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, corresponde a este órgano superior entre outras, a función de impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de



autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

A presente orde para o exercicio 2026 supón a continuidade no apoio e protección dos e das menores orfos, e tamén as mulleres vítimas que por causa de agresións de violencia de xénero sufran lesións graves que requiran hospitalización, articulando axudas económicas de indemnización cando carezan de recursos, e enmárcase no ámbito de acción das medidas 301 e 307 do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e no Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027) que fai referencia as axudas para atender as súas necesidades máis urxentes en casos de emerxencia consecuencia directa da situación de violencia e no cal se recollen axudas complementarias a modo de indemnización e reparación destinadas ás vítimas naqueles casos en que sexa necesario, pola especificidade ou gravidade das secuelas derivadas da violencia, así como facilitarlles o acceso a prestacións de orfandade, axudas aos funerais e repatriación, entre outras.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista normalmente no orzamento crédito axeitado e suficiente. Así mesmo, en cumprimento do artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión das subvencións tramitadas nesta orde queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da dita Orde do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no seu artigo 5, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Esta orde, que se tramita en réxime de concorrencia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os re-



quisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, adáptase ao disposto na dita lei, así como ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normativa de desenvolvemento; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como ao Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Na súa virtude, no uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin ao que foron establecidos,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto, finalidade e ámbito de aplicación*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases que rexerán a concesión de axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, de axudas de indemnización económica dirixidas a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, así como as axudas para os familiares ascendentes e descendentes en 1º ou 2º grao de consanguinidade das mulleres vítimas mortais por violencia de xénero e dos seus fillos e fillas falecidos, destinadas a sufragar os gastos de traslado, repatriación, funeral, inhumación e/ou incineración das mulleres vítimas mortais por violencia de xénero e, de ser o caso, dos fillos e fillas das vítimas falecidos como consecuencia da violencia de xénero.

Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas axudas para o ano 2026.

2. A finalidade das axudas é dar cumprimento a varias das medidas do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, e proporcionarlles apoio económico ás persoas citadas no número anterior, cunha indemnización de axuda directa, co obxecto de garantir que o feito causante (morte da nai ou lesións graves por mor de violencia de xénero, gastos asociados ao funeral) supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos, para as propias vítimas gravemente feridas e para os seus familiares.



3. As indemnizacións recollidas nesta orde serán de aplicación a todas as persoas beneficiarias sinaladas no número 1, que no momento dos feitos residan na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. As axudas de indemnización recollidas na presente orde recoñeceranse cando o feito causante se producise desde o 1 de outubro de 2025, coa excepción do sinalado no artigo 4.1 punto segundo.

5. O código do procedemento correspondente a estas axudas é o SI460A.

Artigo 2. *Tipos de axudas*

As axudas a que se refire esta orde fan referencia ás seguintes modalidades:

a) Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero.

b) Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

c) Axudas para gastos de traslado, repatriación, funeral, inhumación e/ou incineración das mulleres e/ou dos seus fillos e fillas vítimas mortais por violencia de xénero.

Artigo 3. *Requisitos das persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias da indemnización prevista na letra a) do artigo 2, en réxime de igualdade, cada un dos fillos e fillas da vítima mortal da violencia de xénero, calquera que sexa a natureza da súa filiación, sempre que na data do falecemento da súa nai cumprisen algún dos seguintes requisitos:

a) Ser menores de idade e estar empadroados en calquera dos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente da renda familiar.

b) Ser maiores de idade ata 30 anos inclusive, estar empadroados en calquera dos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia, e depender economicamente da nai e/ou do pai agresor. Entenderase que existe dependencia económica cando na data do falecemento da nai, as persoas beneficiarias non percibisen rendas, de calquera natureza,



que en cómputo anual, non superaran o límite de 2 veces o indicador público de renda de efectos múltiples IPREM vixente, nos 12 meses anteriores.

2. Poderán ser persoas beneficiarias da indemnización prevista na letra b) do artigo 2 as mulleres feridas gravemente, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión de violencia de xénero, sempre que na data en que se producisen os feitos se cumprisen os seguintes requisitos:

a) Ser muller, maior de idade ou emancipada.

b) Estar empadroadada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso das mulleres estranxeiras, tamén será necesario ter permiso de residencia e de traballo.

c) Atoparse nunha situación de precariedade económica. Entenderase que se produce unha situación de precariedade económica cando os ingresos da unidade familiar de convivencia a que pertenza a solicitante divididos polo número de membros que a compoñen, non supere o límite do importe de 2 veces o (IPREM) vixente, durante os 12 meses anteriores.

3. Poderán ser persoas beneficiarias da indemnización prevista na letra c) do artigo 2 os familiares ascendentes e descendentes en 1º ou 2º grao de consanguinidade das mulleres vítimas mortais da violencia de xénero e, de ser o caso, dos fillos e fillas da muller vítima falecidos como consecuencia da violencia de xénero, sempre que non tivesen participación no suceso causante.

Artigo 4. *Prazo e solicitude*

1. O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 1 de decembro de 2026.

As axudas de indemnización económica dirixidas a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero poderán solicitarse no prazo dun ano desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia,



<https://sede.xunta.gal>, asinado pola persoa solicitante ou a persoa representante legal de ser o caso.

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 5. *Orzamento*

1. Para a concesión destas indemnizacións destínase crédito polo importe de 70.000,00 € na aplicación orzamentaria 08.06.313D.480.2, código de proxecto 2018 00112.

O financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia para 2026.

2. Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado dalgún dos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas nos anteditos artigos.

3. Segundo o establecido no artigo 5 da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción. Así mesmo, en cumprimento do artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a concesión das subvencións tramitadas nesta orde queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Artigo 6. *Contía das axudas*

1. O importe das indemnizacións reguladas nesta orde fíxase na cantidade de dez mil euros (10.000,00 €), que será aboada unha única vez por cada persoa beneficiaria e para o mesmo feito causante, no casos das axudas ás fillas e fillos menores de 30 anos das



vítimas mortais por violencia de xénero e das axudas dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas con lesións que requiran hospitalización como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero.

2. No suposto de axudas para os gastos de funeral, repatriación, traslado, inhumación e/ou incineración das mulleres e dos fillos e fillas da muller vítima falecidos como consecuencia da violencia de xénero, o importe da indemnización non poderá superar o custe total dos gastos subvencionables. O importe máximo subvencionable será de dez mil euros (10.000,00 €).

Artigo 7. Aboamento das indemnizacións en casos de menores e polos gastos de funeral

Cando as persoas beneficiarias da indemnización prevista na letra a) do artigo 2 fosen menores de idade, a indemnización aboarase ás persoas que asuman a súa patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente.

Cando se trate dos gastos do funeral, repatriación, traslado, inhumación e/ou incineración, da letra c) do artigo 2, a indemnización aboarase aos familiares ascendentes e descendentes en 1º ou 2º grao de consanguinidade das mulleres vítimas mortais por violencia de xénero e dos seus fillos e fillas falecidos.

Artigo 8. Documentación complementaria

1. Para solicitar a indemnización prevista na letra a) do artigo 2 as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Copia do libro de familia, certificación expedida polo Rexistro Civil ou calquera outro documento que acredite fidedignamente a relación de filiación coa vítima.

b) No caso de fillos e fillas menores de idade, certificado de empadramento, resolución xudicial de custodia, informe dos servizos sociais ou calquera outra documentación que acredite a asunción da patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente por parte da persoa a quen se lle aboará a indemnización.



2. Para a solicitude da indemnización prevista na letra b) do artigo 2 as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

b) Documentación que xustifique os ingresos declarados no punto 1 do anexo I, da persoa solicitante e dos membros da unidade familiar de convivencia, tales como: nóminas ou recibos.

c) Documentación acreditativa da composición da unidade familiar de convivencia, de ser o caso.

d) Certificado dos servizos sanitarios que acrediten a hospitalización, con indicación dos días de ingreso hospitalario.

e) Modelo anexo II «Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas», debidamente cuberto.

3. Para a solicitude da indemnización prevista na letra c) do artigo 2 as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Copia do libro de familia, certificación expedida polo Rexistro Civil ou calquera outro documento que acredite fidedignamente a relación de filiación coa vítima.

b) Facturas e documentos acreditativos do seu pagamento nos casos de funeral, traslado, repatriación, inhumación e/ou incineración.

c) Documentación acreditativa da composición da unidade familiar de convivencia, de ser o caso.

4. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa



ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

7. As solicitantes deberán comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, calquera modificación que se produza nos datos indicados na súa solicitude ou en calquera dos documentos que a acompañan. Esta variación comunicárase no momento en que se produza, co fin de axilizar a instrución do procedemento. No caso da percepción das prestacións do Servizo Público de Emprego non será preciso achegar a dita documentación, agás que se denegue expresamente á Consellería de Política Social e Igualdade a dita consulta.

Artigo 9. *Comprobación de datos*

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro (NIE) da persoa solicitante.
- b) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro (NIE) da persoa representante.
- c) Certificado de residencia legal por documentación da persoa solicitante estranxeira.
- d) Datos de residencia con data de última variación padroal.



- e) Certificado de defunción da nai.
- f) Certificado de defunción dos fillos e fillas.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a. Resolución administrativa de acollemento familiar emitida pola Xunta de Galicia.
- b. Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal (Área de Galicia) da persoa solicitante e/ou dos/das familiares a cargo.
- c. Renda de Integración Social de Galicia (Risga) da persoa solicitante e/ou dos/das familiares a cargo.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente, e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Instrución*

1. A instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral con competencias en materia do tratamento da violencia de xénero. Este proceso efectuarase de forma continuada segundo a orde de recepción de solicitudes.



2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a resolución.

3. De conformidade co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na orde de convocatoria, a Subdirección Xeral con competencias en materia do tratamento da violencia de xénero requirirá a interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixera se terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, e sempre que sexa preciso, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, requirirá ás solicitantes que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, unha vez concluída a tramitación do expediente, o órgano instrutor formulará directamente a proposta de resolución ao órgano concedente, que deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

6. As solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nesta orde ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión ou desestimación, na cal se indicarán as causas desta. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase ao seu arquivamento as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na correspondente convocatoria.

Artigo 12. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes de axudas, logo da fiscalización da proposta, corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.

2. O procedemento de concesión segue o réxime de concorrencia non competitiva, polo que se recoñecerán axudas ata o esgotamento do crédito orzamentario.



3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de catro meses, que se computarán desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, esta entenderase desestimada, de conformidade co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 13. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 14. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente orde poñerán fin a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición



perante a Consellería de Política Social e Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución se esta for expresa, ou seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

Artigo 15. *Pagamento das axudas*

1. O pago da axudas axustarase ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A contía da axuda concedida aboaráselle, nun pagamento único, ás persoas beneficiarias da axuda, agás no caso previsto no artigo 7 punto primeiro.

3. As subvencións ás persoas beneficiarias concederanse en atención á concorrencia dos requisitos sinalados no artigo 3 e non requiriran outra xustificación que a acreditación dos ditos requisitos ao abeiro do artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo do cumprimento das obrigas sinaladas no seguinte artigo.

4. O pagamento das axudas reguladas nesta orde farase unicamente na conta que as persoas solicitantes fagan constar na solicitude, que debe permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente. A Administración non se fai responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables ás solicitantes.

Artigo 16. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias e as persoas que asuman a patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente no caso de orfos/as menores de idade que percibiran as axudas reguladas nesta orde quedan sometidas ao cumprimento das obrigas exixidas de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Así mesmo, teñen a obriga de comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento respecto das circunstancias que fundamentan o dereito a percibir estas axudas, de someterse ás actuacións de comprobación que acorde a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de



Loita contra a Violencia de Xénero, e de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Artigo 17. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión ou, de ser o caso, á revogación sen prexuízo do disposto no segundo número do artigo 18.

Artigo 18. *Reintegro*

1. O órgano concedente poderá proceder á apertura do expediente declarativo de reintegro total ou parcial e dos xuros de demora devendicados desde o momento do seu pagamento, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento das obrigas establecidas nesta orde.

b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos para a súa concesión ou falseando ou ocultando feitos ou datos que tivesen impedido a súa concesión.

c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

2. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da axuda concedida, mediante o seu ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia, que lle será facilitada polo órgano concedente, en concepto de devolución voluntaria da subvención. Neste caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da axuda concedida.

Artigo 19. *Incompatibilidades*

1. Coa excepción establecida no número seguinte deste artigo, as axudas de indemnización reguladas nesta orde son incompatibles coa percepción doutra indemnización



establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, destinadas ao mesmo fin e en relación ao mesmo feito causante.

2. As axudas de indemnización establecidas nesta orde son compatibles coas axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como con calquera outra axuda económica de carácter autonómico ou local concedida pola situación de violencia de xénero.

Artigo 20. *Transparencia e bo goberno*

A concesión destas axudas non será obxecto de publicidade, en aplicación do disposto no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Artigo 21. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase transmitir á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola dita base de datos.

Artigo 22. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código SI460A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, nas unidades administrativas de igualdade dos departamentos territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos> ou da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, <https://igualdade.xunta.gal>, no teléfono 981 54 53 61 ou no enderezo electrónico vx.igualdade@xunta.gal

Artigo 23. *Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normativa de aplicación.



Artigo 24. *Remisión normativa*

En todo o non previsto nesta orde aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normativa de aplicación.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade na persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias en relación coas subvencións previstas nesta orde, así como para realizar os actos de autorización e disposición de gasto, recoñecemento de obrigas e proposta de pagamentos previstos no artigo 73 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero para ditar as instrucións que sexan necesarias para desenvolver esta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2025

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Igualdade



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO INDEMNIZACIÓNS PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO S1460A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

EXPEDIENTE

S1460A2026/

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	NACIONALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

ENDEREZO

PAÍS					
<input type="text"/>					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE****ANEXO I
(continuación)****DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
- Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

DATOS BANCARIOS Formato IBAN Formato BIC

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

AXUDA/S SOLICITADA/S

- Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero.
- Axudas de indemnización dirixidas ás mulleres que resultasen gravemente feridas.
- Axudas para gastos de traslado, funeral, inhumación e/ou incineración.

CENTRO DE REFERENCIA PARA A XESTIÓN DA SÚA SOLICITUDE (CIM, servizos sociais, centro de acollida, etc.)

NOME DO CENTRO

TELÉFONO




A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Ingresos da persoa solicitante ou do conxunto da unidade familiar de convivencia, segundo o caso (agás as persoas beneficiarias menores de idade):

Procedencia das rendas	Perceptora/es*	Concepto	Contía mensual
1) Rendementos mensuais, integros, do traballo da persoa solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso			
2) Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario da persoa solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso (incluíndo os incrementos do patrimonio. Exceptúase a vivenda habitual)			
3) Rendemento das actividades económicas da persoa solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso			
4) Ingresos de natureza prestacional da persoa solicitante ou do conxunto da unidade familiar, segundo o caso (agás as asignacións económicas da Seguridade Social por filla/o ou menor acollida/o a cargo)			

*Se non houber, indíquese "NINGÚN"

2. En relación con outras axudas concedidas e/ou solicitadas:

Que o conxunto de todas as axudas concedidas e/ou solicitadas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, son as que se relacionan a seguir:

- Non solicitou nin lle foron concedidas outras axudas para a mesma finalidade.
- Si solicitou e/ou se lle concederon as seguintes axudas para a mesma finalidade:

Concepto da axuda	Organismo	Data da solicitude	Data de concesión	Importe

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración ata a resolución da solicitude.

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, incluídos os relativos á conta bancaria en que se realizará o pagamento da axuda, se é o caso, así como que a solicitante é titular única ou compartida con persoa distinta do agresor da dita conta.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Que se compromete a comunicar á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero calquera modificación que se produza nos datos indicados na súa solicitude ou en calquera dos documentos que a acompañan, antes da resolución da solicitude.
- Que está de acordo coas actuacións de seguimento e control destas axudas que leve a cabo o órgano concedente.
- Que asume as obrigas que lle veñen impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as demais previstas nas bases reguladoras desta axuda.




A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)

10. Que está ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
11. Que a solicitante dá expresamente o seu consentimento para que a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero complete o expediente administrativo e para a realización das comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos ou documentos achegados, así como a súa cesión a outras administracións públicas coa única finalidade de control da xestión da axuda.
12. Que a persoa solicitante dá expresamente o seu consentimento para a comunicación que se determine por parte da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero en relación co centro de referencia indicado pola solicitante, para a xestión da súa solicitude, así como o seguimento e control da axuda, se é o caso.
13. Só para a axuda prevista no artigo 3.1.b) (fillos e fillas maiores de idade ata 30 anos inclusive):
- Que na data de falecemento da súa nai non percibía rendas de calquera natureza, que en cómputo anual, superasen 2 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), vixente nos 12 meses anteriores.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
DOCUMENTACIÓN PARA A INDEMNIZACIÓN DA LETRA A) DO ARTIGO 2 DESTA ORDE

- Copia do libro de familia, certificación expedida polo Rexistro Civil ou calquera outro documento que acredite fidedignamente a relación de filiación coa vítima.
- Resolución xudicial de custodia, informe dos servizos sociais, certificado de empadramento colectivo onde consten todos os membros da unidade familiar ou calquera outra documentación que acredite a asunción da patria potestade, garda, custodia ou acollemento permanente por parte da persoa a quen se lle aboará a indemnización no caso de fillas ou fillos menores de idade.

DOCUMENTACIÓN PARA A INDEMNIZACIÓN PREVISTA NA LETRA B) DO ARTIGO 2 DESTA ORDE

- Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero por calquera dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (artigo 8.2.a).
- Documentación xustificativa dos ingresos declarados no punto 1 deste anexo I da persoa solicitante e dos membros da unidade familiar de convivencia, (nómina, recibo), de ser o caso.
- Documentación acreditativa da composición da unidade familiar de convivencia, de ser o caso.
- Certificado dos servizos sanitarios que acredite a hospitalización.
- Anexo II de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas

DOCUMENTACIÓN PARA A INDEMNIZACIÓN PREVISTA NA LETRA C) DO ARTIGO 2 DESTA ORDE

- Copia do libro de familia, certificación expedida polo Rexistro Civil ou calquera outro documento que acredite fidedignamente a relación de filiación coa vítima.
- Facturas e documentos acreditativos do seu pagamento nos casos de funeral, traslado, inhumación e/ou incineración.
- Documentación acreditativa da composición da unidade familiar de convivencia, de ser o caso.




COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de residencia legal por documentación da persoa solicitante estranxeira	<input type="checkbox"/>
Datos de residencia con data de última variación padroal	<input type="checkbox"/>
Certificado de defunción da nai	<input type="checkbox"/>
Certificado de defunción do/dos fillo/s e/ou filla/s	<input type="checkbox"/>
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Resolución administrativa de acollemento familiar emitido pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal da persoa solicitante (área de Galicia)	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Renda de Integración Social de Galicia (Risga) da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade. Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.
Finalidades do tratamento	Xestión e concesión de indemnizacións para vítimas de violencia de xénero. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	Os organismos competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou resulte accesible a través dos seus sistemas que sexa estritamente necesaria, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. En particular, poderá levar a cabo as seguintes comunicacións de datos: Outras administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias, coa finalidade de permitir a comprobación da súa condición de beneficiaria desta axuda, así como para a xustificación da concesión desta ante os seus organismos financeiros. O centro de referencia sinalado pola solicitante (CIM, servizos sociais, centro de acollida, etc.), para a xestión da concesión da axuda, incluíndo a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos para a percepción da axuda, o cumprimento das obrigas, e como medio de contacto coa persoa beneficiaria. Á Base de datos nacional de subvencións de conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADEANEXO I
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- o Orde do 22 de decembro de 2025 pola que se regulan as bases para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas de indemnización económica, dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento SI460A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

CVE-DOG: ta4wfgq4-qnb0-7a17-0bb6-s2qc7m3r1n35

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

SI460A - INDEMNIZACIÓNS PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SIGNATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓNOME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN <input type="checkbox"/> Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal das/dos familiares a cargo (área de Galicia) <input type="checkbox"/> Renda de integración social de Galicia (Risga) das/dos familiares a cargo	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade. Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento de axudas económicas individuais de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e a tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario. A verificación dos datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPDP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. De ser o caso, consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias en materia de atención e protección social, así como aquelas competentes en materia de subvencións e axudas públicas, cando sexa necesario coa finalidade de tramitar e xestionar este procedemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data , de de

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

